

I SEMINARIO REEDUCAMAR (RED E INVENTARIO DE RECURSOS DE EDUCACIÓN MARINA)

3-5 octubre 2022 en el CENEAM (Valsaín)

María Lorenzo Rial

Profesora e investigadora de la Universidade de Vigo


marialorenzo@uvigo.es



 **sustentabilidade**
en Feminino







Sustentabilidade en feminino é un proxecto que busca amosar as achegas das mulleres ao desenvolvemento sustentable e á conservación dos nosos mares.

A NOSA WEB



[INICIO](#)

[SUST. OCEANICA](#)

[OFICIOS](#)

[PROTAGONISTAS](#)

[A EXPOSICIÓN](#)

[A XORNADA](#)

[RECURSOS EDUCATIVOS](#)

[FALAN DE NÓS](#)

[CRÉDITOS](#)

As mulleres na conservación dos océanos



Sefa Abal



María Álvarez, Azucena Arias e María Lorenzo



María José Cacabelos



Fina Entenza e M^a Carmen Mallo



Salgadura



Conservas



Redeiras



Géraldine Fauville



Covadonga López de Prado



Carmela Silva



Elsa Vázquez



Marisqueo



Comercialización



Investigación



A EXPOSICIÓN EN RUTA

An illustration of two women participating in a beach cleanup. One woman, with blonde hair in a ponytail and wearing a blue hoodie and grey pants, is kneeling on the sand and putting a piece of trash into a green bag. The other woman, with orange hair in a ponytail and wearing a light blue jacket and pink pants, is sitting on the sand. The background shows a blue sea, a brown shore, and a large orange sun. A semi-transparent white circle is overlaid on the left side of the image, containing the text.

O mar das mulleres: sustentable e produtivo

Recursos didácticos





María Lorenzo Rial

Profesora e investigadora de la
Universidade de Vigo

A maleta dos océanos da Axenda 2030





Obxectivo 4

Garantir unha educación inclusiva, equitativa e de calidade e promover oportunidades de aprendizaxe para toda a poboación no decurso de toda a vida.



Obxectivo 5

Lograr a igualdade entre xéneros e apoderar a todas as mulleres e nenas.



Obxectivo 14

Conservar e utilizar de forma sustentável os océanos, mares e recursos mariños.



Dous problemas



A INVISIBILIDADE DO MAR



A INVISIBILIDADE DAS
MULLERES

AS PROPOSTAS DIDÁCTICAS



Os océanos: o planeta azul

Os océanos cobren máis do 70% da superficie do globo. Neles está o 96% da auga da terra, producen o 50% do osíxeno do planeta e conteñen o 90% da biosfera

- Infografía
- Proposta didáctica



Océanos en perigo

"Se queremos salvarnos, temos que salvar os océanos" Elisabeth Mann Borghese daba a voz de alarma sobre as ameazas que poñen en perigo os nosos mares.

- Infografía
- Proposta didáctica



Redeiras, salga e conserva

As redeiras, a man de obra na industria conserveira e a salga son oficios centenarios desenvolvidos principalmente por mulleres dende hai séculos.

- Infografía
- Proposta didáctica



Marisqueo: traballo de mulleres

Dende hai moito tempo, as mulleres traballan no marisqueo a pé, sementando, cultivando e preparando o terreo en parceliñas.

- Infografía
- Proposta didáctica



As investigadoras mariñas

Coñece a algunha das pioneiras da Oceanografía, que tiveron que superar moitos obstáculos simplemente polo feito de ser mulleres.

- Infografía
- Proposta didáctica



Educar para a sustentabilidade

Educar para a sustentabilidade é unha obriga dos gobernos, do sistema educativo e, en definitiva, de toda a sociedade.

- Infografía
- Proposta didáctica

A maleta dos océanos da Axenda 2030

Emma é unha rapaza moi curiosa e comprometida coa defensa dos mares que te invita a acompañala na súa viaxe a través dos océanos e no descubrimento do destacado papel que que as mulleres xogan, desde sempre, na súa conservación e mais na explotación sustentable dos recursos mariños.

Os océanos: o planeta azul

Os océanos son moito máis ca unha masa de auga. Sábese que están poboados por milleiros de especies de seres vivos e que todas as persoas, aínda que vivan lonxe deles, dependemos desta inmensidade azul.

Emma descobre os océanos

Emma convida a aprender máis. A que esperas? Ela xa o fixo e di que para asegurar a saúde das nosas comunidades, a das xeracións futuras e a do propio planeta Terra, é preciso que a humanidade os coñeza e se ocupe da súa conservación.



“Para asegurar a saúde das nosas comunidades, a das xeracións futuras e a do propio Planeta Terra, é preciso que a humanidade os coñeza e se ocupe da súa conservación”.



Océanos en peligro

Os océanos, que son fundamentais para a existencia da vida no planeta, están ameazados hoxe por múltiples fenómenos. Seguro que tes oído falar do cambio climático, da contaminación e acidificación dos océanos ou da sobrepesca. Coñece con Emma estas e outras ameazas!

Emma pregúntase por estas ameazas

Que será iso do Cambio Ambiental Global (CAG)? Coa maleta na man, decide visitar a Facultade de Ciencias do Mar, en Vigo. Alí, aprende que o CAG é o conxunto de cambios ambientais producidos pola actividade humana, en especial aqueles que inciden nos procesos que determinan o funcionamento do sistema Terra (terra, océanos e atmosfera en interacción).



AMEAZAS PARA OS OCÉANOS

- Metais pesados: mercurio, cadmio, estaño, arsénico, chumbo, cobalto, cobre, níquel, cromo...
- Plásticos
- Fertilizantes, praguicidas, detergentes
- Hidrocarburos
- Sobreexplotación
- Cambio climático
- Acidificación oceánica



Mulleres redeiras, da salga e da conserva

As redeiras, as traballadoras da conserva e da salga desempeñan estes oficios centenarios desde hai séculos.

Emma quiere saber como se elaboran esas ricas conservas que tanto lle gustan

Desta vez, a súa viaxe lévaa ao Museo Massó de Bueu. Coa maleta dos océanos na man pretende aprender máis sobre os oficios centenarios da salga e da conserva. Observa fotografías que datan de 1914 e descobre que as mulleres eran, e son, máis do 90 % das persoas que traballan nelas. Tamén se informa de que cobran moito menos que os homes.

Emma aproveita o tempo para acudir ao porto e coñecer de preto o traballo das redeiras, pois xa sabe que os peixes non chegan só aos barcos.

Sabías que?

A arte de reparación e fabricación de redes é un dos máis antigos oficios do mar

En Galicia é onde existe un maior número de redeiras, 711 das 883 de todo o territorio español

O seu traballo, manual e altamente cualificado, é indispensable para que os barcos de pesca poidan faenar



Marisqueo a pé: un traballo de mulleres

Desde tempos inmemoriais as mulleres traballan no marisqueo a pé extraendo e preparando o terreo en parceliñas para sementar e cultivar bivalvos, coma as ameixas ou os berberechos.



Que interesante é
esta profesión e
canto se parece ao
que a miña avoa fai
na horta

Emma convértese nunha mariscadora

Coa súa maleta dos océanos na man, Emma decide visitar a Asociación de Mariscadoras de Cambados e facer a súa ruta educativa. Nela aprende que, durante moitos séculos, o marisqueo era una actividade extractiva dos bancos naturais. O paso da actividade extractiva ao cultivo e á comercialización supuxo unha mudanza importantísima para as mariscadoras. Ademais, coa súa loita conseguiron o recoñecemento da profesión.

Emma investiga na web Sustentabilidade en feminino e descubre que o 90 % ou máis das persoas que se dedican ao marisqueo a pé en Galicia son mulleres.



INVESTIGADORAS MARIÑAS

SAÍNDO DA SOMBRA



As investigadoras mariñas

Houbo mulleres pioneiras nas ciencias mariñas e na defensa dos océanos, coma Silvia Earle, Elisabeth Mann Borguese, Josefina Castellví e as galegas Aida Fernández Ríos e Ángeles Alvariño.

Emma visita un centro de investigación mariña

Acompaña a Emma nesta misión e coñece algunhas das pioneiras da Oceanografía e da defensa do mar, que tiveron que superar moitos obstáculos polo feito de seren mulleres para desempeñar a súa profesión.

Emma sabe agora que sen as achegas das mulleres non é posible un desenvolvemento sustentable real e efectivo, así que decide rematar a súa viaxe cunha visita á Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte de Pontevedra para comunicarlle ao futuro profesorado a importancia de educar para a sustentabilidade e de achegar os coñecementos sobre os océanos e os mares á escola.



Silvia Earle



Ángeles Alvariño



Aida Fernández Ríos



Elisabeth Mann Borguese



Josefina Castellví

Educación para a sustentabilidade. Sen igualdade de xénero?

A profe falara da Axenda 2030 da ONU, dos 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable e da Educación para a Sustentabilidade con perspectiva de xénero. Emma xa comprobara que as mulleres son fundamentais para a sustentabilidade dos océanos.



Sempre curiosa, Emma decide investigar e compartir os seus achados

Emma conclúe que educar para a sustentabilidade, con perspectiva de xénero, é unha necesidade e unha obriga dos gobernos, do sistema educativo e, en definitiva, da sociedade.


Non esquezas que:

- O noso Planeta ademais de verde é azul.
- Que as mulleres e as nenas xogamos un papel moi importante na súa sustentabilidade.





A MALETA DOS OCÉANOS EN LOS COLES






A MALETA DOS OCÉANOS EN EL V FORO DE EDUCACIÓN



María Lorenzo: "Sabedes que os océanos contribúen a mitigar o cambio climático?"

"Non se pode conservar e protexer o que non se coñece", indicou a profesora.



María Lorenzo é importante entender canto contaminamos, por dilo dalgún xeito. "A pegada de carbono é a pegada que cada un de nós deixa no planeta, coas emisións", apuntou a profesora. Por iso pensar no noso día a día en accións que supoñan un problema para o medio ambiente é importante. De feito no obradoiro falamos, como inundacións.

Estabilidade climática

Segundo Lorenzo, "non se contribuíu a conservar e protexer aquilo que non se coñece". "Non nos cobren máis do 70% do orzamento do noso planeta e con 90% da biósfera, producen a vida do océano que os seres vivos."



A MALETA DOS OCÉANOS EN CENTROS CULTURALES





A MALETA DOS OCÉANOS EN ASOCIACIONES



Escoitamos para aprender

Charla con Ana Belén Sotelino

Vicepatroa Primeira da Cofradía de San Xoán de Redondela



- O marisqueo é unha actividade coñecida desde que os primeiros seres humanos se asentaran nas costas galegas

- O 90% ou máis das persoas que se dedican ao marisqueo a pé en Galicia está constituído por mulleres.

A maleta dos océanos da Axenda 2030



AGORA VISITA A EXPOSICIÓN, A WEB E A MALETA DOS OCÉANOS

<http://marenfeminino.campusdomar.gal/>

OCÉANOS SUSTENTABLES
CON PERSPECTIVA
DE XÉNERO



A maleta dos océanos

da Axenda 2030



Facultade de Ciencias
da Educación e do Deporte

Universidade de Vigo

Fixérono posible

Presidenta da Deputación de Pontevedra: María del Carmen Silva Rego

Coordinación: María M. Álvarez Lires

Autoría: María A. Lorenzo Rial, María M. Álvarez Lires, F. Xabier Álvarez Lires

Deseño: Dubidú Estudio Gráfico

Ilustracións: Alba Rego Pernas

Dirección técnica: Servizo de Igualdade da Deputación de Pontevedra

**Vémonos
axiña!**

